



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDESA

Dona MARIA LOUREIRO GARCIA (PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE
D^a.María Isabel Rodríguez López(PSde G-PSOE
D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro(PSde G-PSOE
D^a.Covadonga Viamonte Aguiar(PSde G-PSOE
D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)
D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)
D.Cesar Aja Mariño, (P.P.)
D.Jaime Eduardo de Olano Vela (P.P.)
D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)
D^a.María de Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P)
D^a Cándida Mendez Salgado (PP)
D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG
D.Manuel Galdo Dopico,BNG
Dona Olaia Casas Chaves (BNG)
D.Guillermo Leal Arias,IVI
D.Jesús Fernández Fernández,IVI

INTERVENTOR POR DELEGACION

D.Sergio Aguado Delicado

SECRETARIA ACCIDENTAL

D^a.Fátima Moar Rivera

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día cinco de Xuño de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr^a.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D^a.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sra. Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sra.Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesión do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión ordinaria do Pleno do Concello cos puntos da Orde do Día.

1º.-APROBACION , SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO DIA 3 DE ABRIL DE 2014.

Pola Sra. Alcaldesa pregúntaselle aos Srs. Concelleiros se teñen algunha obseración ou aclaración que facer á acta da sesión ordinaria celebrada o día 3 de abril de 2014, tendo en conta que a totalidade dos membros da Corporación recibiu fotocopia do borrador da acta correspondente a esta sesión, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Prodúcese a intervención do Tenente de Alcalde do PSdG-PSOE, D.Jesús Antonio Fernández Cal, quén dí que hai erros de interpretación e relativas á súa intervención na “Moción do Pedregal” e ven en manifestar que: “ onde dí: que este convenio estaba afectado polo PERI de Covas, este non estaba aprobado definitivamente, confúndese o convenio co PERI, só beneficia a particulares. Na segunda nota, “onde pon: a memoria do PERI entre outros, dí que o Ayuntamiento en compensación ó que recibe exhime....Ahí, debería poñer: “na memoria do PERI é totalmente desacertada.Na terceira nota, onde pón “descoñezo a súa validez xurídica” pero é innecesario para o Concello, debe dicir:” ese Convenio era innecesario para o Concello”. Onde pón: “Tapouse o río Cantarrana, debe poñer, e quero que conste así: “ Tapouse o río Cantarrana un dos maiores atentados medioambientais cometidos no Concello “...Na



segunda parte da miña intervención, que dí : “ xa que hai problemas de enganches de auga, eu non dixen nada así, “Tería que poñer: “ levamos ano e medio con reunións e negociando o problema xurídico plantexado na zona entre varios constructores para adecentalo, e agora, con motivo da moción do PP., e como quero estar informado, tiven que buscar o convenio, e atópome cunha situación ambigua. Xa, na última, onde pón:..” é un escándalo, debe dicir:..” é un escándalo o resultado dos avales dos servizos xurídicos... e engade, teño que dicir que, “Noutros tempos, algúns tiveron sorte, pois, tanto os servizos urbanísticos como os xurídicos estaban de acordo. Na última parte da miña intervención, cando digo : “ pelotazo”, nada ten que ver coa concesión de licenzas senón refírome que, a algunhas persoas, se lles modificou , a cambio de nada, o valor dos terreos...E por último xa, un tema de defecto persoal de sordeira, non sei si se pode engadir..., pero lémbrolle ao Sr.Cesar Aja que algunhas licenzas que se diron alí foron concedidas en tempos ...Pero interrompe, coa súa intervención D.Cesar Aja Mariño, por alusións, e dí ó Teniente de Alcalde Sr. Fernández Cal que, non dixo nada do último párrafo, polo que non pode constar en “Salvedades á Acta” xa que cando se levanta unha acta refírese só ao dito nesa sesión.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, e dí que está conforme co contido da acta e que o seu grupo vai aprobala.

E non habendo máis intervencións, por unanimidade, queda aprobada a Acta do día 3 de Abril de 2014 unha vez correxidas ás salvedades.

2º.-DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA

Pola Srª. Alcaldesa dase conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervención o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

3º.-PROPOSTA DE MODIFICACION DO ORZAMENTO PRORROGADO DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA 2014,VIA CREDITO EXTRAORDINARIO (MOD.009/2014

Pola Srª. Alcaldesa cédese a palabra á concelleira de facenda, Dona Covadonga Viamonte Aguiar, quen da conta ao Pleno Corporativo da Proposta de Modificación do Orzamento prorrogado Concello de Viveiro para 2014.

“Logo de ver o informe do departamento xurídico do Concello e informe de intervención en relación con sentenzas xudiciais firmes pendentes de pagar, considerando a necesidade e urxencia da execución das mesmas, e dada a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento prorrogado, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1)Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento prorrogado 2014, vía crédito extraordinario co seguinte detalle:

Crédito Extraordinario:

92902.61901	Imprevistos e función non clasificadas, sentenzas xudiciais de anos anteriores. Outros invest. De reple en infraest. E bens destinados ao uso xeral.	92.537,89€
92902.22699	Imprevistos e función non clasificadas, sentenzas xudiciais de anos anteriores.Outros gastos diversos	423.787,02€
3380.215	Festas populares e festexos, reparación, mantemento e conservación de mobiliario e aparellos	31.013,10€

Financiamento:

870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	547.338,01€
--------	----------------------------------------------------	-------------

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.



A continuación ábrese o turno de Intervencións producíndose as seguintes:

Intervén o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, D. Antonio J. Bouza Rodil, quén ven en manifestar que vai votar a favor da modificación para que se fagan efectivas as sentenzas, pero estamos así por ter os orzamentos prorrogados non hai previsións para facer frente a estos pagos, e pasa o que pasa. Pagos que van a seguir vindo. Volvemos a insistir que se fagan os orzamentos cunha partida que prevea estes imprevistos.

E tamén quero dicir que, a unha pregunta que fixo o noso compañeiro Sr. Olano, vostede, Sr. Alcaldesa, dixo que todas as sentenzas eran relativas de xuízos do Partido Popular, pero vexo eiqui: “ Sentenzas de Monsa, SGAE, Tesourería S.S., Marever, etc, estas as firmes; pero as non firmes temos: edificio rias altas, Eugenio del Valle, Jesús Novo Teijeiro, Francisco Santiago García etc. Non digo que non hai sentenzas do Partido Popular que as hai pero temos concertados contenciosos e grave e afectan a economía de Viveiro e moitos negociando podíanse solucionar.

Intervén a Sra. Alcaldesa, e por alusións dí que ela non dixo que foran todas pero que sí a maioría das sentenzas eran de provedores, mais de dous millóns de euros en facturas, que se pagaron, volvo a dicir, eran da época de cando gobernaba o Partido Popular .

Intervén o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Bernardo José Fraga Galdo, quén dí que van votar a favor e si hai sentenzas xudiciais o pago hai que aprobalo, pero detectamos un número elevado destes casos e, non entendo que xa levamos once anos gobernando o concello e seguimos votando a culpa ao anterior goberno. Evidentemente todos os gobernos terán erros pero e momento de mirar hacia adiante e buscar unha solución ao Concello de Viveiro porque a situación moi complicada e estamos vendoo todos os do goberno e os que estamos na oposición. Pero esediscurso de seguir seguido a herencia segue. Hai cuestións que hai que pagar e xa se sabe. Pero habería que facer os orzamentos axustados para preveer estas situacións.

Intervén o voceiro do grupo municipal Independentes de Viveiro (IVI), D. Guillermo Leal Arias, quén dí son feitos consumados, son sentenzas que hai que facer frente e poderíamos discutir sobre elas e estaríamos de acordo ou non, da forma que se poderían levar, que cada grupo ten a súa maneira, esto haino que pagar e vamos votar a favor.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando co dictamen favorable da Comisión Informativa de Economía celebrada o día dous de xuño do ano en curso, e coa memoria detallada e informe da Sra. Interventora Dona Rosa Abelleira Fernández.

Sométese a proposta á votación ordinaria, e o Pleno Corporativo por, unanimidade, con 17 votos a favor, de todos os membros que compoñen a Corporación, : que resultan ser: (6) votos de PS de G-PSOE; (6) votos de PP; 3) votos do BNG e (2) votos de IVI;

ACORDA:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento prorrogado 2014, vía crédito extraordinario co detalle que se indica anteriormente. e por 547.338 €.

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas

4º.-PROPOSTA DE MODIFICACION DO ORZAMENTO PRORROGADO DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA 2014.VIA CREDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CREDITO (MOD. 010/2014.



Pola Sr^a. Alcaldesa cédese a palabra á concelleira de facenda, Dona Covadonga Viamonte Aguiar, quen da conta ao Pleno Corporativo da Proposta da alcaldía de Modificación do Orzamento prorrogado Concello de Viveiro para 2014, vía Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, que di:

Logo de ver informe de intervención en relación con facturas ou gasto do exercicio 2012, conformadas ou informados favorablemente, que traen causa de contratos de carácter periódico ou de tracto sucesivo e de contratos menores, precisan de consignación orzamentaria previa ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito. Considerando a necesidade e urxencia en recoñecer as ditas obrigas de ano anteriores pendentes de aplicar ao orzamento para proceder ao seu pago e dada a inexistencia ou insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento prorrogado, segndo figura na memoria que acompaña á presente proposta, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento prorrogado 2014, vía crédito extraordinario e suplemento de crédito co seguinte detalle:

Crédito Extraordinario:

Pro	Eco	Descripción	C.Extraord.
132	213	Maquinaria,instalaciones técnicas y utillaje,Policía Local	403,00
132	22112	Sumini. de material electr.electrico e telec Policía local	433,00
132	226	Gastos diversos Policía Local	115,00
133	210	Repar.Mantemento e Conservación Infraestruc.Tráfico	724,75
150	22199	Outros suministros obras	126,86
162	624	Elementos de Transporte Lixo	754,52
23100	22112	Stro.Mater.Electrónico,Electrico e de telecom serv.social	219,99
23100	226	Custos das Actividades do Centro de Serv.Socais	123,90
32100	223	Transportes Educacion Xeral Colexio	1.080,00
33005	22001	Prensas,Revistas,Libros e outras públí.Centros Culturais	512,40
33005	22100	Energía Electrica,Centros Socio-Culturais	1.388,17
3380	22100	Energía Eléctrica,Festexos Populares	15.969,96
3380	22609	Actividades Culturales.Festejos Populares	266.344,10
920	625	Mobiliario Servicios Xerais	348,10
92400	223	Transportes Participación veciñal	1.308,00
			289.852,28

Suplemento de Crédito:

132	22100	Energía Electrica.Red Semafórica.Policia Local	251,49
132	22000	Ordinario no Inventariable.Policia Local	1.165,84
132	22111	Sumin.Repostos de Maquinaria.Utillaje,elementos tpte	2.362,64
134	22100	Energía Eléctrica.Proteccion Civil	577,55
150	22100	Energía Eléctrica.Servicios multiples	548,52
150	210	Infraest. Y Bienes Naturales.Servicios Multiples	2.830,82
161	22100	Energía Electrica.Abastec.Auga e Saneamento	101.919,29
162	22700	Xestion Indirecta da Recollida de Lixo e Limpeza Viaria	172.952,84
164	22100	Energía Eléctrica.Cemiterio Municipal	42,27
165	210	Mantenimiento Infraestruc.Alumbrado Público	2.345,00
165	22100	Energía Eléctrica.Alumbrado Público	159.780,77
169	22100	Energía Eléctrica.Matadoiro e Mercados	1.768,14
23100	213	Maquinaria.Instalacións e Uti.Centros Servicios Sociais	162,16
23100	22100	IEnergía Electrica dos Centros Servicios Sociais	4.208,76
23105	226	Gastos Diversos.Atencion Inmigrantes	160,00
32100	22110	Productos Limpeza e Aseo Colexios	803,94



32100	213	Mantenimiento Maq.Instalacións dos Colexios	1.272,47
32100	226	Gastos Diversos Colexios	1.750,00
32100	22100	Enerxía Eléctrica dos Colexios	5.674,29
32104	22100	Enerxia Electrica.Garderias Infantil	1.881,04
32300	22100	Enerxia Electrica Conservatorio	11.498,10
33001	226	Gastos Diversos de Cultura	471,90
33001	22100	Enerxia Electrica Teatro	3.109,20
324	223	Tranportes Servicios Complementarios de Educacion	17.120,95
342	213	Mant.Maquinaria Instalaciones.Piscina Municipal	332,91
342	22100	Energia Eléctrica.Inst.Deportivas	2.237,46
342	22799	Trabajos Realizados por otras Empresas (Isempa)	1.331,97
342	22103	Combustibles y Carburantes.Piscina y Cortacesped	1.456,57
342	356	Intereses Financiacion Instalación	576,47
342	622	Edificios y Otras Construcciones Piscina	2.081,58
342	623	Maquinaria,Instalaciones Técnicas y Utillaje.Policia Local	1.111,61
43000	22100	Enerxia Electrica.Oficina Turismo	172,32
491	22100	Enerxia Electrica.Reemisores TV e Radio	86,72
912	22601	Atenciones Protocolarias y Representativas.Org Governo	75,70
920	22000	Compra Material.Corrente non Inventariable, Serv.Xerais	162,77
920	223	Transporte Servicios Xerais	330,00
920	22604	Representacion e Defensa Xuridica do Concello	338,80
920	22199	Outros suministros Administracion Xeral	379,72
920	22100	Enerxia Electrica.Servicios Xerais	2.926,49
920	213	Mantenemento Maquin.Inst.Utillaxe.Servicios Xerais	3.679,72
920	22103	Combustible e Carburante calefaccion Casa Consistorial	3.800,00
920	22112	Smtro.Material Electronico,Electrico e Telecom adm.xera	4.175,81
920	466	Cuotas Ordinarias pola pernaza a FEGAMP.FEMP	14.000,00
92401	226	Gastos Diversos.Xuventude	231,96
			534.146,56

Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	823.998,84€

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na intervención Municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Aberta a quenda de Intervencións:

Intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, D. D. Antonio J. Bouza Rodil, quén dí que van votar a favor porque son facturas do Concello de Viveiro e nos, non vamos a dicir como vostedes, non, son facturas do concello de Viveiro.Pero parece excesivo que durante o ano 2012 non se pagaran. Pedimos ao Concello que faga os orzamentos, que son orzamentos prórrogados, e adopte medidas que vai acabar como “o rosario da aurora..”

Intervén o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, D.Bernardo José Fraga Galdo, quén dí que, como dixese antes, queremos que se teña a xestión económica ao día e cos orzamentos reais e non prorrogados, pero vamos votar a favor do pago das facturas a provedores.

Intervén o voceiro do grupo municipal Independentes de Viveiro (IVI), D. Guillermo Leal Arias, quén dí: que son facturas que se deben a provedores e que hai de “Eon” e Gas natural” e algúns habian feito reclamacións e chegando



a un acordo, rebaixaron 210.000 euros, Por outra banda, a luz hai que pagala para que non se corte, e despois temos tamén a Cespa que leva o grosso importante destas facturas.No nos queda mais remedio que pagar aos provedores que nos suministran e vamos votar a favor.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando co dictamen favorable da Comisión Informativa de Economía celebrada o día dous de xuño do ano en curso, e co informe da Sra. Interventora Dona Rosa Abelleira Fernández.

Sométese a proposta á votación ordinaria, e o Pleno Corporativo por, unanimidade, con 17 votos a favor, de todos os membros que compoñen a Corporación, : que resultan ser: (6) votos de PS de G-PSOE; (6) votos de PP; 3) votos do BNG e (2) votos de IVI;

ACORDA:

1º-Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento prorrogado 2014, vía crédito extraordinario e suplemento de crédito co detalle anterior e que ascende a :823.998,84 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na intervención Municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

“5º.- PROPOSTA DE MODIFICACION DAS CONDICIONS FINANCEIRAS DAS OPERACIONES DE CREDITO SUSCRITAS NA 1ª.FASE DO MECANISMO DE PAGO A PROVEEDORES DO RD.LEY 4/2012, DE 24 DE FEBREIRO.

Pola Sra.Alcaldesa cédesse a palabra á Concelleira de Economía e Facenda Dona Covadonga Viamonte Aguiar, quen presenta ao Pleno a “proposta da Alcaldía que integramente di:

“Asunto: Modificación das condicións financeiras das operacións de crédito suscritas na 1ª fase do mecanismo de pago a provedores do RD.Ley 4/2012, de 24 de febreiro.

O Ministerio de facenda e Administracións públicas habilita a refinanciación das operacións de crédito suscritas ao amparo do mecanismo de pago a provedores do RD.Ley 4/2012, presentando polo que afecta ao Concello de Viveiro 3 opcións.

Visto informe de Intervención que propón a opción 2, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Acollelse as medidas de refinanciación da opción 2, ampliando o período de carencia en un ano máis, mantendo o período de amortización e unha redución intermedia do diferencial aplicable sobre Euribor a 3 meses (estimada en 1,31%).

Segundo: Aprobar as condicións xerais vinculadas a opción 2,

Terceiro: Confirmar o plan de axuste vixente tendo en conta as condicións esixidas anteriormente e destinar o aforro xenerado á redución da débeda comercial e mellorar o período medio de pago.

Cuarto: Facultar á Sra. Alcaldesa tan ampla e expresamente como en dereito fora necesario para a mellor execución do acordo.

En Viveiro, a 29 de maio de 2014, A Alcaldesa.-Asdº: María Loureiro García”.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, D.Antonio José Bouza Rodil, e dí que o seu grupo vai a menter o sentido do voto da Comisión informativa despois das explicacións que tivemos por parte da Inteventora que era mellor a segunda opción, e nos non vamos a contradecir os informes dos Técnicos, polo que vamos votar a favor.



Intervén o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Bernardo José Fraga Galdo, quen dí que, o partido popular non vai a votar en contra do que fai o goberno de Madrid que se saca da manga o que quer, agora que veñen as eleccións, como é evidente, que votamos a favor do Plan de Axuste, pero non estamos de acordo coa acción B), que é pan para hoxe e fame para mañá, e preferimos a opción C) que se reducía o tipo de interés. Porque o morto non é para o Goberno municipal que veña, senon para os viciños de Viveiro. Estamos continuamente demorando o inicio do pago, cada vez demoramos máis, e máis hasta que chegará un día que revente por todos os lados.

Intervén o voceiro do grupo municipal Independentes de Viveiro (IVI), D. Guillermo Leal Arias, quen dí que como xa manifestamos cando foi o plan de pago a provedores e xa empezamos a ver as consecuencias, e vamos estar avocados non o concello de Viveiro senon unha boa relación de Concellos, que non van aguantar os pagos deses créditos. As probas nos remitimos que o Ministerio xa sacou estas modificacións que nos dan tres opcións a elixir, e xa veremos que para agosto do ano 2015 vai haber outra modificación, e leva sucedendo xa fai... igual que o banco de crédito local que dí que, a carencia aumentase. Destas temos: a opción A) que lóxicamente, non se pode levar a cabo porque sería incrementar os impostos aos viciños ao tipo máximo, e as opcións B) e C), a C) que dí e que lle dou a razón o compañeiro do BNG Sr. Bernardo, que se aforra diñeiro, o problema que temos é a liquidez a curto prazo, necesitamos liquidez, polo que a opción B) é a que nos vai permitir ter máis liquidez a curto prazo. Vamos votar pola opción B). Ademais temos os informes positivos da Intervención.

Non existindo máis debate sobre este asunto, e contando co dictamen favorable da Comisión Informativa de Economía celebrada o día dous de xuño do ano en curso, e co informe da Sra. Interventora Dona Rosa Abelleira Fernández.

Sométese a proposta á votación ordinaria, e o Pleno Corporativo por maioría dos membros presentes, sendo a maioría absoluta, con catorce(14) votos a favor: que resultan ser: (6) votos de PS de G-PSOE; (6) votos de PP; (2) votos de IVI; e (3) votos en contra do BNG, ACORDA:

Primeiro: Acollerse as medidas de refinanciación da opción 2, ampliando o período de carencia en un ano máis, mantendo o período de amortización e unha redución intermedia do diferencial aplicable sobre Euribor a 3 meses (estimada en 1,31%).

Segundo: Aprobar as condicións xerais vinculadas a opción 2,

Terceiro: Confirmar o plan de axuste vixente tendo en conta as condicións esixidas anteriormente e destiñar o aforro xenerado á redución da débeda comercial e mellorar o período medio de pago.

Cuarto: Facultar á Sra. Alcaldesa tan ampla e expresamente como en dereito fora necesario para a mellor execución do acordo

6º.-DACION AO PLENO DA AVALIACION DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPPOSTARIA, DA REGRA DO GASTO, DO LIMITE DE DÉBEDA E DO PERIODO MEDIO DE PAGO CON MOTIVO DA APROBACION DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIVEIRO DO ANO 2013.

Pola Sra. Alcaldesa cédese a palabra a Concellería de Facenda Dona Covadonga Viamonte Aguiar, quen da conta ao Pleno do informe emitido pola Srª. Interventora Dona Rosa Abelleira Fernández, Qén en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financiera, informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade presupostaria na liquidación do presuposto do 2013, o cumprimento da Regra de Gasto, do límite de débeda pública e do período medio de pago:

A liquidación do Presuposto Xeral do exercicio 2013 cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria e da regra de gasto en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95.

A liquidación do Presuposto Xeral do exercicio 2013 non cumpre co obxectivo de débeda pública e período medio de pago.



En caso de incumprimento do obxectivo de débeda pública, deberá aprobarse polo Pleno un Plan Económico-Financeiro de reequilibrio a un prazo máximo dous anos (art. 21 LOEPSF) co contido e na forma que establecen os artigos 19 e 21, no prazo máximo de tres meses.

A previsión da débeda pública a 31 de decembro de 2014 representa o 103,64 por cento respecto os ingresos correntes axustados do exercicio 2013, polo tanto inferior ao 110% establecido no artigo 53 do TRLRFL.-Viveiro, 14 de maio de 2014.- A Interventora.

O Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda darse por enterado.

7º-A).-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O MANTEMENTO DA OFICINA DO BANCO PASTOR EN COVAS

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Viveiro a través do seu Concelleiro Don Celestino García Paz presenta a seguinte moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Fai uns días os clientes do Banco Pastor da oficina ubicada na Calle de Suasbarras,3- da parroquia de Covas, tiveron coñecemento a través da dirección do Banco Pastor do Grupo do Banco Popular e por medio dunha carta, do peche o próximo 18 de xuño de esta sucursal, o que significa a supresión do servizo que se prestaba na mencionada oficina.

Este feito provocará que moitos clientes de esta zona e de outras próximas se vexan obrigados a operar na sucursal mais cercana, que neste caso é a do Banco Pastor, coas conseguíntes molestias, sobre todo para aqueles viciños de idade máis avanzada e que teñen unha maior dificultade para desprazarse ata a oficina de Viveiro.

O anuncio do peche de esta oficina de Covas, tería unha repercusión veciñal menor si nesta parroquia existisen outras sucursales bancarias, o que por o momento non é o caso, polo que o seu traslado vai ocasionar molestias a moitos clientes, en especial a persoas maiores, así como ós pequenos e medianos empresarios do sector da hostelería, comercio e outros de gran importancia nesta parroquia.

O Banco Pastor leva dende o ano 1981 o sea 33 anos no nº 3 da rúa de Suasbarras, en Covas, con aproximadamente uns mil clientes, incluíndo tamén unha ampla zona comercial de esta parroquia que na actualidade ten un censo aproximado de 4000 viciños, incrementándose na tempada estival. Pero estes datos pouco parecen importar ao Banco Pastor e ao Poderoso Grupo do Banco Popular á vista da decisión adoptada.

Ante esta situación o Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro solicita deste Pleno o seguinte acordo:

1.- Instar e facultar á Sra. Alcaldesa, para que realice todas as xestións oportunas e necesarias, para intentar evitar, na medida do posible, o peche da devandita oficina.

Intervén a Sra. Alcaldesa é dí que o equipo de goberno non está a favor do peche, primeiro polo postos de traballo, e segundo polo perxuízo social que vostede apunta na moción pero podería indicarmen vostede que medidas teño que afrontar para que non se peche unha sucursal bancaria e estamos dispostas a manter algunha reunión si é precisa para elo.

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Fraga Galdo e dí que o Partido Popular, como é habitual, se pon ao servizo da gran banca para seguir cobrando as tarifas aos viciños de Viveiro. Como Nova Galicia Banco-Caixa de servizos sociais- agora vendeuse e hai que elixir entre un banco ou outro. Agradecemos que quiten a careta e que digan a quen defenden o BNG non estamos a favor de o que os viciños perdan servizos necesarios e non temos ningún problema en que a Sra. Alcaldesa faiga as xestións para que o viciños poidan ter a sucursal cerca da casa. Pero si se vai poñer outro banco enfrente pois o cliente e o que ten que elixir. E unha empresa privada non é un servizo como pode ser o de Correos ou outros servizos públicos, este é un servizo privado.

Intervén o voceiro do grupo municipal Independentes de Viveiro (IVI), D. Guillermo Leal Arias, quén dí que vai votar a favor e notamos as limitacións que podemos ter, o Concello non Consello da Administración non está representado, si hai algún partido político na representación, pois poderíamos instar a ese partido que estea no consello, se non a Alcaldesa vaino ter difícil. Pediría tamén ao Partido Popular que esta mesma argumentación a teña con Viveiro que hai 16.000 viciños e lévaronos a Oficina Liquidadora dos Tributos. Os Xulgados, é moi posible que tamén se vaian, e aínda que me considero de Covas e vexo ben a oficina, tamén vexo ven outras que están desaparecendo. Un Banco vai ser moi difícil que día marcha atrás. Tomaron as decisións que quixeron, reflataron co diñeiro de todos os españois pero



ao final non benefician ao pobo. A cantidade de Oficinas que se for fusionando, a perda de postos de traballo, e dáselles diñeiro de todos os españoles. Estamos en Europa.

Intervén D. Celestino García Paz, do P.P. para dicir que xa sabía que era un pouco difícil contentar a todos. Esta moción tróuxose porque o piden os veciños. Eu vivo en Covas, son cliente do Banco Pastor, gústame que Covas teña todos os servizos e que se manteñan e escribí unha carta ao Presidente do Banco, e contestoume é ven sendo por un asunto económico e pechan e punto. Vai causar un problema aos veciños porque leva xa 30 anos por isto interesa se reconsidere a postura por parte do banco.

O Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda aprobar a moción sobre o mantemento da oficina do Banco Pastor en Covas e facer as xestións para evitar que peche.

7º-B).-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE LIMPEZA DE ESPACIOS PUBLICOS DE RELEVANCIA TURISTICA.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Viveiro a través do seu viceportavoz D. Jaime de Olano Vela, presenta a seguinte moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Viveiro conta con innumerables espazos de gran valor histórico-artístico e patrimoniais e en consecuencia de gran interese turístico para os visitantes da nosa cidade, interese que non só non debemos deixar que se perda, senon que debemos procurar que se incremente poñendo en valor o noso patrimonio en beneficio de todos.

Por citar unicamente algúns dentro do Casco Histórico, mencionarei a Igrexa de Sta. María e os seus arredores, a Porta de Carlos V e a Praza Maior e a Igrexa de San Francisco e as súas sinmediacións.

Nos últimos tempos, as noites de fin de semana ou vísperas de festivos veñense producindo o que se chama “Botellón” en moitas das zonas, a consecuencia do que estes espazos públicos ofrecen á mañá seguinte un aspecto lamentable para os veciños e visitantes, sin mencionar outros problemas como posibles accidentes, salubridade, olores...

No nos opoñemos a que a xuventude disfrute polas noites de estes espazos con un mínimo de urbanidade e o que sí cremos factible é que á mañá seguinte estes lugares volvan a lucir toda a súa beleza, limpos de cochambre, restos de botellas, basos, etc.

Manter os espazos públicos nun adecuado estado de limpeza e conservación é obrigaón do goberno municipal e lamentamos que nos últimos tempos incumpran sistemáticamente este deber e o noso concello, singularmente o Casco Histórico, ofrezca o aspecto que ofrece en moitas ocasións.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese as seguintes:

Pola Sra. Alcaldesa dáselle a palabra ao Teniente de Alcalde-Delegado do Servizo, D. Jesús Fernández Cal, e dí: “ Uno se queda perplejo con mociones de este tipo por no ajustarse a la realidad, desde hace mas de siete años la brigada municipal tiene encomendada la limpieza y retirada de papeleras sin contar con la limpieza que hace CESPAN en el Casco Histórico. Sr. Olano, quiero entender que además de representarse así mismo, tanto en esta moción como en declaraciones a la prensa. Me causa desazon como representantes públicos, faltan a la verdad, y calumnian sin pestañear a compañeros de corporación. Han calumniado gravemente a la actual alcaldesa, María Loureiro, han calumniado gravemente a todos los componentes del Gobierno local en el periodo en que se saca a contratación la guardería municipal, y ahora tambien se permite en esta moción, que previamente, fue tratada en los medios de comunicación, despreciar publicamente el labor del personal municipal y de la empresa Cespa que madrugaba los domingos y festivos para adecentar el pueblo. Este personal es el mismo que viene manteniendo el concello durante la Semana Santa, las Fiestas de Covas, El Festival Resurreccion Fest, la romeria de Naseiro, las Fiestas de Celeiro o la Fiesta Renacentista. El Grupo Municipal deo PSOE va votar en contra de esta moción.

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Fraga Galdo e dí que polo que nosoutros apreciamos e vivimos anteriormente o tema de limpeza, o do botellón e festas nas parroquis, vemos que a limpeza se está facendo relativamente ben. Non apreciamos



queixas dos veciños e pode ser algún día puntual, que non esteña ben recollido. Nos outros estamos de acordo co que se dí de :...”manter os espazos nun adecuado estado de limpeza e conservación e vamos a votar a favor da moción.

Intervén o voceiro do grupo municipal Independentes de Viveiro (IVI), D. Guillermo Leal Arias, que dí que pensa que o Sr. Concelleiro non ten delimitados os espazos onde se van a facer os botellóns. Son temas puntuais, en xeral está optima a limpeza en Viveiro tanto polo persoal do propio concello como por Cespa, hai mais días que se fai moi ben aínda que algún día podese facer mal.

Sómese a Moción do P.P. á votación ordinaria, e o Pleno Corporativo por maioría dos membros presentes, nove votos a favor: que resultan ser: (6) votos de PP; (3) votos de BNG, e 6 votos en contra do PSdG-PSOE, e 2 votos do IVI,

ACORDA

Aprobar a Moción do P.P. que interesa que os espazos públicos se manteñan nun adecuado estado de limpeza e conservación é obriga do goberno municipal velar por elo..

7º-C).-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA QUE POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL, SE PROCEDA Á TRAMITACION DO PLAN DE SECTORIZACION EN CHAVIN, O OBXECTO DE LEGALIZAR A LICENCIA OTORGADA A VESTAS.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Viveiro a través do seu portavoz, D. Antonio José Bouza Rodil, presenta a seguinte moción:

“ O Partido Popular de Viveiro, o igual que, supoñemos, o resto de grupos municipais, está preocupado polas consecuencias que pode acarrear para a Empresa Vestas e os seus traballadores, así como para a colectividade en xeral, haberlle outorgado unha licenza con informes técnicos e xurídicos negativos na Xunta de Goberno Local de =1-10-2009.

Como consecuencia da denuncia xudicial e á fiscalía realizada por un particular, sobre a que xase lle requiriu informes á APLU, e moi probable que esta licenza sexa anulada polas autoridades xudiciais, o que acarreará tanto o Concello como á empresa consecuencia imprevisibles.

Aínda tendo coñecemento os membros das distintas Xuntas de Goberno Local, que a situación de ampliación de Vestas incumpria a normativa urbanística vixente, dende o 2009, non se realizou ningún tipo de tramitación para dar solucións a unha hipotética senteza que anule a licenza de obra outorgada.

O Partido Popular de Viveiro, consciente do dano irreparable que unha actitude de pasividade pode acarrear ao municipio, realizou ante os organismos correspondentes da Xunta de Galicia unhas series de xestións en aras a dar solucións legais ás naves de ampliación construídas por Vestas.

Ditas actuacións consisten en unha serie de trámites que o Concello debe iniciar e que propoñemos ao Pleno da Corporación que aprrobe a realización da seguinte tramitación o obxecto de concluir o Plan de Sectorización.

- 1.-Documento de inicio elaborado polo Ayuntamiento.
- 2.-Remisión do documento inicial para o seu informe á Secretaría Xeral de Calidade e Evaluación Ambiental.
- 3.-Unha vez emitido o informe da Secretaría Xeral, elaboración por parte do Ayuntamiento da Memoria Ambiental.
- 4.-Elaboración do Plan e aprobación inicial por parte do Ayuntamiento.
- 5.-Exposición Pública.
- 6.-Solicitude dos correspondentes informes sectoriais durante a información pública.
- 7.-Aprobación provisional do Plan Sectorial por parte do Pleno Municipal.
- 8.-Remisión do Plan de Sectorización á Secretaría Xeral de Ordenación de Territorio e Urbanismo, para informe.
- 9.-Aprobación definitiva polo Pleno.

Esta tramitación terá unha duración mínima dun ano, polo que é imprescindible a iniciación inmediata do procedemento, polo que:



O Grupo Municipal Popular propoñe ao Pleno a aprobación de instar ao goberno municipal para que realice a tramitación do Plan de Sectorización que legalice a anómala situación da licenza outorgada o 1-10-2009.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese seguidamente:

Intervén a Señora Alcaldesa, Dona María Loureiro García, quen dí que este goberno municipal vai ser a última vez que públicamente fale deste tema, en privado o que queirades, públicamente non porque cada vez que se fala de Vestas sempre surxe un problema máis, entóns entrando na moción vou dicir o que se fixo: No ano 2009 quería traer unha maquinaria e co anterior alcalde-se comenta a urxencia da ampliación porque do contrario desde Dinamarca se verían obrigados a pechar a empresa. Empresa que daquela había 70 traballadores. Actualmente hai 200 traballadores. Houbo problemas cos informes técnicos. Reuníronse todos os portavoces de todos os grupos políticos, que se implicaron, e tiveron reunións tamén cos representantes da empresa. Que non só se comprometeu a manter os traballadores, senon que pasou de ter 70 a 150 traballadores. Actualmente hay períodos de 200 traballadores. Tres anos despois hay denuncias e estamos en conflito tanto membros do goberno como os portavoces. Creemos que esta moción non debería presentarse, falar en privado, e xa se sabía que tiñamos unha reunión coa Axencia de Legalidade Urbanística e asiduamente os técnicos municipais e da Xunta están en reunións para levar acabo os tramites da legalización. Non vemos adecuado que o Partido Popular faiga xestións por detrás e non lle comente ao equipo de goberno como está o asunto. Loxicamente vamos a votar en contra desta moción.

Intervén o voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo e dí que dende o ano 2009 houbo tempo de axilizar os trámites para legalizar a situación. Fálase dun Plan de Sectorización pero haberá que estudialo., e pido se deixe sobre a mesa.

Intervén o voceiro do iVi, D. Guillermo Leal Arias, para dicir que houbo reunións dos delegados sindicais da empresa cos membros da corporación e houbo reunións, varias veces, e houbo tamén ultimatum da Empresa que dí: "ou se lles concedía a licenza ou marchaban, e que non saíra na prensa. Nos, apoiamos unha posible solución para que non se foran e manter os postos de traballo, e pensamos que, en lugar de criticar hai que alabar a decisión loable dos membros da Comisión de Goberno, imputados hoxe por apoiar ás familias e apoiar os postos de traballo que dan moito pán.

Intervén o Concelleiro do Partido Popular que dí que dende o ano 2009 ata agora 2014 estamos aínda sin facer a tramitación para legalizar o asunto dunha decisión que era ilegal, pero despois de dúbidas acorda retirar a moción presentada.

8º. A).--MOCION DO GRUPO MUNICIPAL INDEPENDENTES DE VIVEIRO (iVi) APOIO O RESURRECTION FEST E O NASEIRO.

O Grupo Municipal de Independentes de Viveiro a través do seu portavoz, D. Guillermo Leal Aras, presenta a seguinte moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Que despois do saído nos medios de comunicación en que Dirección Xeral de Turismo, indicaba que non era subvencionable a celebración do Resurrección Fest, un festival referente a nivel Mundial e que representa un importante movemento económico non só en Viveiro senon na comarca, entendemos que non é de recibo. Ademais por parte da Xunta subvencionáronse outros eventos similares, como a Maruxaina; Festival do Mundo Celta de Ortigueira, etc. (os cales consideramos que son merecedores das axudas).

Por parte da asociación de comerciantes de Viveiro, fixéronse enquisas entre os comerciantes, os cales valoraron este evento como o máis importante a nivel económico para os seus establecementos.

En canto á Romaría de Naseiro, é unha romaría que leva preto dos cen anos celebrándose e que foi un referente en canto á romaxes, tanto a nivel local, galego e incluso nacional, e que todos sabemos a incidencia que economicamente move.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do iVi (Independentes de Viveiro) solicita do Pleno da Corporación municipal a aprobación dos seguintes:



ACORDO

1.- SOLICITAR, perante a Xunta de Galicia, nas suas distintas Consellerías, apoio económico para a celebración e mantemento dos dous eventos.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese seguidamente:

Intervén a Señora Alcaldesa, Dona María Loureiro García, quen dí que este goberno municipal vai votar a favor da moción e que xa houbo unha reunión coa Directora Xeral de Turismo e fumos atendidos pola persoa en quen delegou. E presentouse un dossier con estudo do impacto económico en Viveiro do Festival Resurrection-Fest, e dixeron que non estabamos na Consellería apropiada xa que non se consideraba un produto turístico, propiamente dito, e mandaron dirixírnos "Consellería de Cultura. Tamén alegaron que non pertenciamos á Mancomunidade de Municipios. Remata dicindo que vaise volver a presentar o dossier e a memoria do evento "Resurrection-Fest na Consellería de Cultura e vamos votar a favor de esta moción.

Intervén o portavoz do grupo municipal do Partido Popular, D. Antonio José Bouza Rodil, e dí que o grupo do IVI quedouse corto con esta Moción, e quédase coxa esta moción coa exposición de motivos, xa que a Xunta de Galicia subvenciona a Mostra, a Semana Santa, e o Resurrection Fest tamén foi subvencionado por outro organismo. Pero dí que a Moción quédase corta porque o seu Grupo non só solicitaría iso senon que solicitaría subvencións para todas as actividades festivas que se celebran como pode ser a festa da Merluza de Celeiro, por exemplo, pero imos apoiar esta Moción.

Intervén o voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo, e dí que non hai ningún problema no caso de que a Sra. Alcaldesa fose admiradora do Resurrección Fest, non habería ningún problema, referíndose a un comentario do edil do Partido Popular, e vamos votar a favor da Moción e estamos de acordo en solicitar todas as axudas que sexan necesarias.

Sómese a moción a votación ordinaria, e o Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal de Independentes de Viveiro e solicitar perante a Xunta de Galicia, nas suas distintas Consellerías, apoio económico para a celebración e mantemento dos dous eventos.

8º. B).--MOCION DO GRUPO MUNICIPAL INDEPENDENTES DE VIVEIRO (iVi) sobre FRACCIONAMENTO DO IBI (IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES).

O Grupo Municipal de Independentes de Viveiro a través do seu portavoz, D. Guillermo Leal Aras, presenta a seguinte moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Que polas circunstancias económicas polas que están a pasar as economías domésticas, na que a maior parte dos cabezas de familia, son mileuristas (no mellor caso), ou se atopan como desempregados,, polo que facer fronte o pago de un recibo que ronda os 300€uros ou os supera, supón un desequilibrio económico importante, para calquer familia, polo que cada vez veñen mais recibos devoltos.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do IVI (Independentes de Viveiro) solicita do Pleno da Corporación municipal a aprobación dos seguintes:

ACORDOS:

- 1.- Facer un estudo por parte dos servizos económicos do Concello, que recolla esta proposta e que se valoren as datas máis axeitadas é que non supoñan un desaxuste para a economía municipal, para o fraccionamento de ditos recibos.
- 2.- Que exista a posibilidade, de que o que non queira o fraccionamento poida seguir como hasta agora.



Sométese a moción a votación ordinaria, e o Pleno Corporativo por, unanimidade, de todos os membros presentes, (17) ACORDA: aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal de Independentes de Viveiro para que se poida fraccionar o pago do IBI(imposto de bens inmobles).

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

9.1.- Polo Concelleiro do Grupo Municipal Popular de Viveiro, D. Cesar Aja Mariño, realiza as seguintes preguntas:
Na Parroquia de Area-Faro, existe un camiño real que comunica o burgo de Aldea co burgo de Faro, pola parte sur, sendo o camiño máis transitado por parte dos viciños de Aldea, tanto para ir as súas terras como para ir á igrexa e o ceminterior, antes da construción da actual carretera que comunica ambos burgos.

Dito camiño coñecido co nome de "Camiño de Montillos", está intransitable o estar cheo de maleza e con multitude de derrumbes das fincas contiguas, incluso interrompido por unha parra, o que impide o paso peatonal ou mecanizado.

Ante esta situación realizamos as seguintes preguntas:

1.-¿Ten previsto o equipo de goberno a limpeza e recuperación do Camiño de "Montillos en Area-Faro?".

2.-¿Para cando está prevista a realización de esta actuación?.

R.-Pola Sra. Alcaldesa, se lle contesta que non hai reclamacións de viciños pero que se examinará o camiño polo Concelleiro-Delegado e no caso de deterioro procurarase arranxar.

9.2.- Polo Concelleiro do Grupo Municipal Popular de Viveiro, D. Cesar Aja Mariño, realiza á Sra. Alcaldesa, a seguinte pregunta :

A estrada que une Aldea con Faro na Parroquia de Area-Faro, está en unhas condicións intansitables, con numerosos baches e desconchamentos.

Esta estrada é moi frecuentada tanto polos viciños da parroquia como por persoas que transitan entre Xove e Viveiro e polo autobús escolar. Autóbús que non só ten que soportar o mal estado da estrada senon que tamén a de a vexetación que invade a mesma.

Por este motivo preguntamos o grupo de goberno.

1.-¿ Está prevista a reparación da carretera que une Aldea con Faro, na Parroquia de Area?.

R.-Pola Sra. Alcaldesa, se lle contesta que non hai moito estivo a maquinaria da Deputación no lugar de Aldea-Faro e cando haxa posibilidades votaremos o firme.

9.3.- Polo Concelleiro do Grupo Municipal Popular de Viveiro, D. Celestino García Paz, realiza as seguintes preguntas e rogos

Fai uns meses o goberno local ordenou retirar máis de sesenta (60) farolas de fundición dunha das partes do alumeadado público das Avda. Martín Ledesma, Antonio Meirás e Luis Cebreiro, osea no Paseo Marítimo desde a Cruz Roxa ata Covas.

Como queira que a día de hoxe descoñecemos o seu paradero e o seu destiño final, é polo que preguntamos:

1.-¿Onde se atopan as devanditas farolas?.

2.-Cal é o destiño previsto para ditas farolas?.

3.-¿Realizouse un inventario de dito material?.

4.-¿Se aproveitou o seu almacenamento para realizar a súa correcta reparación e mantemento?.

R.-Pola Sra. Alcaldesa, se lle responde que si que foron retiradas farolas e que se fixo un estudio e por contaminación lumínica e gasto económico,se considerou, por parte dos servizos técnicos e por parte do Concelleiro de obras, que con



menos farolas alumeaba suficientemente. Se preguntou a Costa que facemos cas restantes e se decidiu almacenar algunhas e outras, por non ter espacio, se fixo unha oferta para que foran recollidas por algunha empresa que optara.

9.4.- Varios semáforos non se encontran nas debidas condicións de operatividade dende o último temporal de fai uns meses, tal e como sucede cos que están situados na Cruz Roxa en Viveiro ou Catro Camiños en Celeiro, por eso preguntamos:

1º.- Para cando está prevista a posta en funcionamento de un modo definitivo?

R.- Pola Sra. Alcaldesa, se lle responde que polo tema do temporal estamos á espera o ben que nos manden unha subvención para o arranxo, pero a estas alturas xa ten instrucións o Xefe da Policía Local para buscar presupostos para arranxar ou comprar semáforos. Aínda que pensamos que nos van dar a subvención.

ROGOS

Polo Concelleiro do Grupo Municipal Popular de Viveiro, D. Celestino García Paz, realiza o seguinte rogo:

1.- Na parroquia de Covas, na calle Fernando Osorio Páramo (acceso o colexio público de Covas) concretamente no paso de cebra, a Rúa presenta un firme moi deficiente co conseguinte peligro que supón para os viandantes, en especial, para as persoas de idade avanzada ou con algunha invalidez, motivo polo que ROGAMOS ó goberno municipal que proceda á súa reparación á maior brevedade posible, para evitar que se produzan caídas ou outro tipo de accidentes como consecuencia do deficiente mal estado en que se encontra.

R/ pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que a reparación era un dos temas importantes que se teñen pensado levar a cabo.

2.- Varios viciños comunicáronnos o seu malestar pola presenza de cans soltos nos arenais das praias de Covas de Area, así como presenza de heces de perros en diversas zoas dos arenais, por elo ROGAMOS á Alcaldesa que a Policía Local tome as medidas necesarias para evitar este tipo de situacións tan desagradables.

Pola Alcaldesa se lle contesta que se fixeron varias campañas para que non deixen os cans na praia pero non podemos ter un policía para cada viciño, aínda que vamos avisar á policía municipal que cando faigan a ronda vixilen tamén que non vaian cas as praias.

ROGOS

Polo Concelleiro do Grupo Municipal Independentes de Viveiro (IVI) D. Guillermo Leal Arias, realiza o seguintes ROGOS:

1.- ROGAMOS nos indique a Sra. Alcaldesa en que punto se encontra o novo plan de tráfico de Viveiro, xa que estamos de novo chegando o vran que nada sabemos.

R/ pola Sra. Alcaldesa se lle indica que o Plan xa esta ahí pero hai una serie de puntos conflictivos que están os técnicos discutindo coa policía municipal para solucionar.

2.- No pleno do mes de Agosto de 2012 facíamos un rogo, logo das deficiencias no pintado de liñas continuas en varias zonas no percorrido da estrada LU—862, dende a rotonda do Hotel as Sirenas ata o cruce á praia de Area, executadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, co fin de que subsanara, na medida do posible, dito pintado. A esta data todo segue igual, e por elo ROGAMOS se nos indique se po parte dalgunha administración ou departamento tivose algunha resposta o respecto.

R/ pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que xa se dirixiron escritos á Consellería e que non hai ningunha resposta.



3.- Na zona de Lavadeiras en Celeiro, fronte o edificio de Aspanane existe unha morea de baches en plena curva. ROGAMOS tomén as medidas posibles para arranxar os mesmos.

R/ pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que o equipo de goberno é consciente do tema e que o problema non é bachealo, tería que vir unha empresa a presentar un proxecto cun presuposto.

4.-No aparcadoiro en Covas fronte o pazo de Grallal (onde se fan as festas) quedárase por parte do goberno municipal en pintar as prazas de aparcadoiros , xa que moitas ocasións é un auténtico caos entrar no mesmo. Así mesmo existe un poste no medio que supostamente era para poñer o alumeadado do mesmo, pois denoite non se ve palmo de terra, e tamén se comprometeron á colocación das luminarias. E polo que ROGAMOS se remate tanto co pintado como coa iluminación.

R/ pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que está pintado e posto.

5.- O tramo da estrada que vai dende o fronte do pabillón Antonio Tarrío, camping ata o xeriátrico esta desfeito cunha morea de baches.ROGAMOS o equipo de goberno tome cartas no asunto e proceda o arranxo do mesmo.

R/ pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que o responsable de obras dí que o firme é de riego asfáltico e que a recollida de augas é casi nula, e que existe bastante tráfico e desfaiése.Sería convinte facer obra e aínda dispoñendo de maquinaria da Deputación o persoal municipal está moi saturado, polo que teremos que esperar para dirixirnos a unha empresa externa.

6.-Existen ao longo do Paseo Marítimo varias plaquetas rotas ou inexistentes, así como varias das luminarias que non teñen a protección exterior das bombillas.ROGAMOS o arranxo ou substitución desas plaquetas e así mesmo a reposición dos globos de ditas farolas.

R/ pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que os globos están pedidos e as plaquetas tamén.

7º.-Estivéronse repintando as liñas da zona azul de aparcadoiro.Dado que soamente foron pintadas de forma lonxitudinal, ROGAMOS o pintado tamén transversal, para que cada vehículo ocupe só un espacio.

8.-ROGAMOS o equipo de goberno, faga os medios posibles para que se realice o desbroce das cunetas e veirarúas nas estradas e pistas das parroquias, para evitar o perigo ue teñen os viandantes, dado a estreitez de moitas delas.

R/ Pola Sra.Alcaldesa se lle contesta que se está traballando no desbrozado das cunetas.

9.-En pasadas datas, a través da prensa e no Pleno Municipal, produxose unha acusación por parte do viceportavoz do grupo municipal do Partido Popular, na que se acusaba a que é hoxe alcaldesa, de apropiarse de diñeiro na súa conta procedente das festas.Que dado que transcurrido bastante tempo de estas acusacións, que consideramos suficientemente graves; sin que houbera unha aclaración taxante do tema. Este grupo municipal SOLICITA, por parte da Alcaldía se dúia resposta o seguinte ROGO:

¿HOUBO APROPIACION DE DIÑEIRO POR PARTE DA SRA.ALCALDESA? ¿ACLARACION DOS FEITOS PARA QUE OS CIDADANS SEXAN COÑECEDORES DA REALIDADE?.

E si este feito é certo SOLICITAMOS, a inmediata dimisión da señora Alcaldesa e no caso contrario do viceportavoz que realizou as acusacións.

Pola Sra. Alcaldesa dícese que cando se produxo esa acusación, en menos de vinte e catro horas, saímos coa documentación o falecido Alcalde e mais unha servidora saímos ós medios de comunicación que se portaron ben, pero o que se fixo despois foi un acto de conciliación.Sabemos que a roda de prensa había tres concelleiros do Partido Popular, pero o que fixo esa declaración é Deputado e ten inmunidade parlamentaria. Pedimos que se retrataran das acusación.Presentamos un acto de conciliación coa data 25 de abril e tivemos a citación para o acto o 25 de abril pero o Sr.Deputado non se presentou. Ao ter inmunidade parlamentaria os trámites a seguir son distintos e teñen uns gastos.Todo mundo sabe as miñas retribucións que no me dan para seguir os tramites legais, pero quedou claro e está aquí toda a documentación que aclara o tema.



E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión sendo as vinteduas horas e coarenta minutos do día con que se encabeza esta acta, que se estende por quintuplicado exemplar, de todo o que eu, secretaria accidental, dou fe.

Vº Bº

A ALCALDESA A SECRETARIA